

Produccións de materiais das materias de Teoría da literatura e Literatura e arte

Antonio Jesús Gil González

Descrición dos materiais producidos

Creación da aula virtual da materia de Teoría da literatura para as titulacións de Filoloxía hispánica e Filoloxía Galega

Producción dun glosario de termos da materia de Teoría da literatura en soporte electrónico

Producción de presentacións multimedia da materia de Literatura e arte na titulación de Historia da arte

Descrición das tarefas realizadas por cada membro

- Antonio Jesús Gil González
 - Creación da aula virtual da materia de Teoría da literatura
 - Coordinación do proceso de elaboración dos termos do glosario polos grupos de raballo, e supervisión académica das diferentes entradas do mesmo.
 - Coordinación das presentacións multimedia

Grao de cumprimento dos obxectivos do proxecto

- Producción dos materiais de Teoría da literatura 100%
- Producción dos materiais de Literatura e arte 80 %
- Creación da aula virtual da materia 50%

Grao de cumprimento do plan de traballo

Os prazos de concesión dos proxectos así como a considerable merma entre a subvención solicitada e a concedida (un 50 % da primeira) motivaron a perceptible diferenza relativa ó logro dos obxectivos do proxecto nas materias de Teoría da literatura, de carácter anual, respecto da de Literatura e arte, de carácter cuadrimestral. Neste último caso, a imposibilidade, neste senso, de contar coa colaboración dun bolseiro para a realización dos traballos informáticos cos materiais multimedia producidos polos alumnos, e a falta de tempo para organizar secuenciadamente os grupos de traballo do glosario de termos da materia, impediron a materialización final unificada do mesmo e a posta en marcha da aula virtual da materia.

Polo que toca, en cambio, á materia de Teoría da literatura, malia as dificultades sinaladas, os obxectivos puideron ser acadados satisfactoriamente, coa particularidade de que os materiais didácticos resultantes non foron entregados ós alumnos, como estaba previsto, á finalización do curso, senón que serán distribuídos ós mesmos unha vez unificados e reproducidos electrónicamente, ó longo dos meses de agosto e setembro, a comezos do curso 2005-2006.

Valoración da experiencia

En síntese, tratábase de aproveitar as disponibilidades da universidade en materia de novas tecnoloxías e a competencia crecente dos estudantes no manexo das mesmas no desenvolvemento e aproveitamento didáctico das materias obxecto do proxecto ó longo do curso académico 2004-2005, así como de achegar a programación das materias ó novo marco ECTS. O obxectivo principal buscaba a implicación dos propios alumnos no seu proceso de aprendizaxe, a través da elaboración por eles mesmos de materiais a partir dos contidos do curso, mediante o traballo individual (reelaboración dos *temas* da materia a partir das sesións teóricas da mesma e o manexo da bibliografía resomendada), por unha banda, e integrado en grupos de traballo, por outra (sínteses colectivas en forma de glosario conceptual). Os materiais resultantes (glosarios de termos da materia e presentacións multimedia) tiñan como obxectivos a posta en común, ben en forma da súa compilación escrita (en soporte cd ou dvd), a súa integración na aula virtual da materia (os glosarios) ou en forma de presentación nas propias clases prácticas da mesma, segundo os casos.

A participación e motivación dos estudantes cara ó proxecto resultou extraordinariamente positiva en termos xerais, e, malia a estar integrada, lóxicamente, no dispositivo global da materia, tamén en termos de avaliación da mesma, e non tendo ademais carácter obrigatorio algún, comportou —máis aló dos contidos e resultados concretos da experiencia—, dado a xeneralidade e a implicación da práctica totalidade dos alumnos que seguiron regularmente o curso das materias comprendidas, o principal motivo de satisfacción para este docente. Respecto do grao de familiarización e as habilidades dos alumnos na utilización dos recursos e tecnoloxías empregadas, o balance resulta parcialmente contradictorio: se por unha banda o manexo de programas informáticos na documentación e presentación dos materiais resultou abrumadoramente solvente (péñese, a título de exemplo, que por primeira vez dende que se imparte a materia de Literatura e arte, a totalidade dos estudantes realizou unha presentación que incluíu contidos multimedia —texto, imaxe, vídeo e/ou son— en soporte electrónico, mentres que en anos anteriores se empregában dun xeito maioritario fotocopias, transparencias, diapositivas, vídeo e audio analóxicos...). Este feito, que rentabilizou adecuadamente o apreciable esforzo de adaptación das infraestructuras docentes nas aulas realizado, neste caso, polas facultades de Xeografía e Historia e de Filoloxía, contrastou dun modo notable coa moi escasa utilización realizada polos estudantes das ferramentas postas a súa disposición na plataforma de apoio virtual a docencia. Pese a reiterada invitación ó efecto feita nas clases, os alumnos non utilizaron apenas a aula virtual da materia, e, nun volume moi elevado de casos, tiveron constantes dificultades para familiarizarse mesmo co proceso de alta e primeira visita o sitio web correspondente. A conclusión inmediata obtida é a necesidade de realizar nunha das sesións iniciais das materias no futuro, unha presentación pública das citadas utilidades, mesmo recabando, en caso necesario, a participación de personal especializado do CETA .

Con respecto o desenvolvemento ó longo do curso académico, compre sinalar que as principais

dificultades detectadas tiveron que ver coa habitual aceleración dos traballos e premura de tempo, ó coincidir ós prazos de entrega ou presentación establecidos cos períodos de avaliación e exames no tranco final dos respectivos cadrimestres; e tamén, e moi especialmente, cos problemas manifestados polos grupos de traballo para se reunir á marxe dos tempos e o espazo presenciais da aula. Verbo dos contidos e resultados acadados finalmente a experiencia resultou, dende o punto de vista académico, e en relación co nivel e os contidos das materias concernidas polo proxecto, en xeral, adecuado e satisfactorio, posibilitando, por si mesmo, a superación das mesmas polos estudantes implicados.

Incidentalmente, a experiencia comportou, que, á marxe do proxecto concreto en curso, as estratexias e a metodoloxía do mesmo se extendesen ó curso de doutoramento desenvolvido paralelamente, e, en xeral, —e tamén quixera destacar a utilidade para quen suscribe, nesta dirección, do programa de formación e innovación docente da USC— para a incorporación da utilización das novas tecnoloxías e recursos multimedia ó horizonte e a práctica cotiá da docencia en xeral.
